

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº7 - PADRÓN 2022

María Pilar García Negro

Discurso de Manuel Murguía. Xogos Florais de Tui (1891)

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Discurso de Manuel Murguía. Xogos Florais de Tui (1891)

María Pilar García Negro
Universidade da Coruña

Faise imprescindible, neste número de *Follas Novas* dedicado monograficamente á lembranza de Manuel Murguía no centenario do seu falecemento, a reprodución deste seu discurso^[1] nos Xogos Florais de Tui, o 24 de Xuño de 1891. As seguintes liñas non son en modo algún a análise de texto histórico tan significativo, senón, simplemente, a glosa dalgúns aspectos da súa xénese e dalgunhas iluminacións particularmente relevantes á altura en que foi proferido:

[1] O discurso de Murguía, así como os de Salvador Cabeza de León e Alfredo Brañas foron publicados en *La Patria Gallega* –órgao da Asociación Regionalista Gallega–, núms. 7-8, 15 de Xullo de 1891. Reproducímolo do volume *Prosa Galega I*, disposto pola Cátedra de Lingüística e Literatura Galega (ed. Galaxia), 1976, pp. 109-116, que moderniza a grafía, respectando absolutamente o teor literal e o seu léxico. Na nosa versión, limitámonos a actualizar certas convencións gráficas, sen alterar nada do seu contido e disposición. Trátase dunha lingua en proceso de construción, non exenta de vontade de estilo, de procura de solucións xenuínas, mais inevitablemente influída polo idioma oficial do Estado.

1.

O máis rechamante, por evidente, é o uso da lingua galega, por primeira vez nun discurso público no século XIX, ao abeiro dun acto cuxa tona cultural-literaria non oculta o fondo sentido e intención política que encerra. A aparente parsimonia con que, no Primeiro Renacemento da cultura galega, se incorpora o uso do galego para alén da poesía, fica explicada se reparamos en como e até que punto o uso público do idioma nacional supuxo unha auténtica ruptura da norma –escrita e non escrita, mais igualmente ferreña– contundentemente imposta desde o século XVI^[2]. Imposíbel, historicamente falando, pensarmos nunha mudanza automática ou froito da vontade duns cantos fervorosos patriotas, cando toda a superestrutura funcionaba en español e exercía o seu dominio nesta lingua^[3]. Cando se afirma a obviedade de Murguía ter escrito toda a súa obra científica e apoloxética en español, facendo equivaler este facto a unha sorte de naturalidade bilingüe-diglósica admitida polos mesmos defensores da cultura galega, estase incorrendo nun xuízo miope (para alén de retroproxeccionar preconceitos do presente) sobre a realidade da renascencia do século XIX^[4]. O galego era a lingua oral masiva da maioría social, do povo galego. O interese obxectivo e obsesivo da minoría ilustrada patriótica pasaba por concienciar a elite intelectual-política da súa validez como lingua de cultura formal, a través dun uso secundario visíbel e transcendente como o da literatura consolidada como obra nacional. Coincide o caso galego co caso doutros tantos povos onde a defensa da nación negada, en discurso histórico, ideolóxico ou político, comeza por ser feita na lingua do colonizador. O confronto, no noso XIX, é clamoroso entre a posición de Murguía e outros patriotas galegos, e os detractores de calquer asomo de reivindicación galega, por moito que uns e outros escribesen os seus libros ou artigos no mesmo idioma, o español. Son a tese e a antítese, e Murguía é precisamente un bon exemplo da furia desatada contra quen mantivo, contra vento e maré, a súa convicción galega e nacional.

[2] Vid. *O libro negro da lingua galega* (Xerais, Vigo, 2022), que documenta exhaustivamente o proceso de represión activa e pasiva da lingua galega desde 1483.

[3] Os mesmos Estatutos dos Xogos Florais, redixidos en galego, non foron admitidos e houberon de acompañar a copia en español para a súa autorización.

[4] Por outra banda, á luz da prosa existente en galego, deberían elevarse, polo seu valor intrínseco e polo seu contexto, a unha altura inmensa os prólogos-ensaios con que encabeza Rosalía de Castro os seus dous grandes contributos á literatura renacente, *Cantares gallegos* (1863) e *Follas novas* (1880). Non é, pois, unha cuestión de vontade ou de escolla libre, senón de posibilidade editorial, apoio externo á literatura, contexto, razóns económicas, recepción...

2.

A retórica do discurso. Talvez sexa sobrance subliñar a necesidade de repararmos nunha outra evidencia: este é un discurso do século XIX^[5] que segue as normas ou as pautas da considerada boa oratoria na altura, sen poder ampararse na existencia de modelos preexistentes en galego. Este, en particular, é un discurso público entreverado de arenga, de manifesto, de programa político, de auto-afirmación entusiástica, que precisa, aliás, autolexitimarse nunha contorna hostil ou, como mínimo, indiferente á novidade da proclama galega. Cumpría, nesta estrea absoluta, vestir o galego das mellores galas da retórica *ad hoc*, (de)mostrar pola vía dos feitos a aptitude da lingua nacional para a intervención pública máis elevada e formal, no recinto do teatro tudense onde tal novidade se escenificaba por vez primeira. Non outro sentido posúe o inicio de saibo bíblico, na apelación á salvación do povo hebreo, na súa saída de Exipto, e as palabras que en tal ocasión pronunciara o guía Moisés na viaxe á terra prometida. A escolla do día de San Xoán cumpre eficazmente a ligazón coa historia máis anerga da Galiza. A protocolar *laudatio* á cidade anfitrioa enlaza aquel presente co pasado histórico onde a Galiza –e Portugal con ela– fora dona dos seus destinos. A proclamación da condición europea e cristiá da nación é labazada directa aos vociferantes inimigos do rexionalismo, cuxa poderosa megafonía distribuía por toda a parte o ideoloxema da España única e eterna (baseada no dúo castelán-andaluz), anterior a calquer continxencia histórica, e inmodificábel no seu unitarismo e concentrada centralización.

3.

Sen esta evidencia –a existencia dunha tensión política: incipiente nacionalismo galego / españolismo, en termos de absoluta desigualdade numérica e institucional– é imposible comprender a razón do teor do discurso. Na verdade, eran excesivas as tarefas a que debían facer frente os defensores da Galiza. Unha, non menor, a de contestar adecuadamente a campaña continuada de descrédito e de condena dos movementos nacionalitarios catalán, basco e galego, coa particularidade, no noso

[5] Só a título de exemplo significativo de palabra mal entendida: o uso do termo “raza” é absolutamente común no vocabulario histórico e científico do XIX. Inferir deste uso unha posición racista supón esquecer ou ignorar non só este uso epocal senón o combate directo contra a galegofobia que os escritores do XIX houberon de defrontar. O “celtismo” camiña na mesma dirección: tratábase de singularizar e enfatizar o carácter nacional galego a partir dunha historia distintiva, non apendicular da castellana-española, conectada a outros povos europeos e posuidora de trazos e atributos específicos desde a noite dos tempos. O discurso nacionalitario galego non só debería servir de revulsivo na propia Galiza –a información do seu pasado histórico– senón de resposta aos Modesto Lafuente, Cánovas del Castillo, Castelar, Núñez de Arce, Sánchez Moguel... e a súa “invención” de España, por utilizarmos título lapidario de Inman Fox.

caso, de esta zunia se ver agrandada por unha xenofobia de longo percurso no tempo. A autodefensa, en termos colectivos, nacionais, non se limita a recitar os méritos propios, senón que incide no deosto do inimigo, na devolución dun retrato á altura da afrenta inflixida. Estes son os termos do debate. Se dos galegos conscientes a *intelligentsia* española esperar ouvir queixumes ou laios, ficará debidamente respondida e sorprendida: chegou a hora do combate. Para o interior, para os propios galegos, a mensaxe é nítida: “pois que somos un povo distinto, debemos selo”.

4.

O cerne do discurso organízase arredor dos seguintes eixos ben definidos: o idioma; a lexitimación histórica; a posesión dunha cultura distintiva; a defensa da autonomía galega, face ás acusacións de separatismo. Brilla a recordación da unión íntima co portugués, rebento do galego que conseguiu a condición de idioma estatal e oficial, como non se oculta a preocupación pola situación interna de abandono e desinstitucionalización. Estremece a constatación da nosa servidume histórica e a constatación dos seus letais efectos alienantes: a peor condición é a do escravo que descoñece de que é vítima. A insistencia historicista tenciona resgatar a Galiza da nómina imperial dos povos sen pasado, sen cultura propia, sen poderes internos. A escuridade reinou na Galiza cando fomos servos da hexemonía castellana, encarnada en bispos, funcionarios, catedráticos, dignidades... É, en troca, o pasado de liberdade e de independencia o que avala a pretensión do presente. O discurso chega ao seu *climax* político cando aborda a refutación do máis aclamado orador do seu tempo, o antano amigo Castelar. Sen ser nomeado, a glosa a unha súa perorata nas Cortes (o día 13 do mesmo mes) amosa o Murguía máis enérxico e elocuente na loita política. O discurso castelarino viña agregar novas hostes ao exército anti-rexionalista e o noso compatriota vai devolver o ataque con toda a contundencia, pondo o dedo na ferida da contradición flagrante: o vello defensor de “humildes” e “perseguidos” non ten reparo en deostar todo o que, no seu xuízo, ameazar a “unidade dura, salvaxe, invasora”, isto é, imposta pola forza bruta para ferir de morte. Velaí a fraude da “nova” democracia. É nesta dialéctica onde asoma o Murguía máis lúcido e valente, na precisión de definir o agresor: a sacralización e inmutabilidade do Estado, a súa deificación; a condena e expulsión do ámbito público de toda a disidencia deste dogma; o afogo de calquer modificación no “peso da centralización”, “esa nova praga que veu a substituír no mundo moderno, con nome da libertade, a libertade mesma”.

5.

As *sombras* deste discurso. Murguía, á altura de 1891, acumula décadas de combate sob aquel lema “Todo por Galicia. Todo para Galicia”, do xornal *El Miño* (1857). Ora ben, os Xogos Florais de Tui e, dentro deles, o discurso de Murguía, marcan un punto

de inflexión: un ponto de chegada e, asemade, un ponto de partida. Con efecto, en 1890-1891, constituíranse varias agrupacións da Asociación Regionalista Gallega, o primeiro intento de actuación política non submetida ao xogo dos partidos estatais. De facto, a celebración dos Xogos Florais (que se iniciaran na Coruña en 1861 e continuarían por diferentes cidades galegas) era o pretexto e o vehículo para exteriorizar unha mensaxe político-patriótica de non doada transmisión e de minguado eco social. Por baixo do discurso, percíbense “sombras” moi activas –e antagónicas. A máis próxima, só un mes antes, o traslado dos restos mortais de Rosalía de Castro a San Domingos de Bonaval (25 de Maio dese ano 1891). Como xa dixemos, a refutación do discurso no Congreso de Castelar, (re)incorporado ás filas do españolismo militante, só nove días antes da celebración dos Xogos Florais de Tui. De 1890 data a petición de Pascual Veiga a Eduardo Pondal para a elaboración dunha letra para o futuro Himno galego, que o poeta cumprimenta aquel mesmo ano. Tamén observamos a distancia a *sombra* do discurso de Gaspar Núñez de Arce, no Ateneo de Madrid, en alerta do problema dos rexionalismos, en novembro de 1886. Como non, os discursos de Castelar e de D^a Emilia Pardo Bazán, o 2 de setembro de 1885, no Circo de Artesáns da Coruña, para, pretensamente, honrar a finada só sete semanas antes, Rosalía de Castro; na realidade, para aniquilar a súa personalidade, deformar a súa obra e impedir a súa transcendencia. O esforzo de conceptualización e teorización do novo movemento tivera un apoio fundamental coa publicación de *El Regionalismo* de Alfredo Brañas (Barcelona, 1889) ou coa do propio Murguía, no mesmo 1889, de *El Regionalismo gallego*, en resposta directa ao discurso de Sánchez Moguel no ingreso deste na Real Academia de la Historia (o 8 de Decembro de 1888). En 1891, esta institución dita firme sentenza condenatoria do III tomo da *Historia de Galicia*, de Murguía, radicalmente enfrontado ás teses da imperial historiografía española: absolutamente rexeitábel, para aquela institución, todo o que, segundo ela, ofendese “la madre patria” ou atentase contra “la unidad de la nación española”. A obra murguiana obedecía a “la ciega pasión del regionalismo”: *anathema sit!* As relacións, en fin, de ambos, Murguía e Brañas, con Cataluña (Barcelona) abonan o afán por conectaren a loita galega coa homóloga catalá, ambas en confronto coa estrutura e o goberno do Estado.

6.

O carácter político do acto é explícito, por moito que se ampare na entrega dos galardóns literarios. Así o afirma Cabeza de León, cando reconece que os Xogos Florais “son tanto festa da poesía como festa da pátreas”, ou Brañas, cando encarece que “Galicia esperta, porque non estaba morta, sinón dormida” e os actos daquel ano 1891 virían a demostralo, após a grande consagración “da inmortal Musa gallega Rosalía Castro de Murguía”. Estamos, pois, nun momento inicial e iniciático, que o tempo iría debilitando, após unha lenta ou exigua expansión e até a súa liquidación.

Nen as circunstancias eran favorábeis, nen había masa social-laboral acompañante nen, moito menos, a menor protección financeira ou institucional. Mais non sementaron en van. En 1907, nace Solidaridad Gallega e comeza a publicación do boletín *A Nosa Terra*. Comezaba o século XX e alboreaba no horizonte o inicio dun Segundo Renacemento da cultura galega que supera o primeiro, mais que existe só porque este protagonizara a súa propia revolución no século XIX. Murguía foi, nel, un dos principais adails e activistas e así cómpre recordalo.

Eis o texto do discurso:

Miñas señoras, meus señores:

Se noutros tempos me houberan dito que había de chegar este día, se me dixeran que había de ser o que dende a cima da vella acrópolis de Tyde había de gritar *hosanna!*, eu no o creería. Mais, por eso, foi: e vede como, pasado o noso deserto, xa sona pra nós, lonxe, moi lonxe, o rumor das olas do mar Roxo; xa temos as táboas da nosa lei e fro-receu a vara de Aarón; xa saímos *da casa de servidumbre, no mes da nova colleita*; xa estamos ó pe do Xordán, e as nosas tendas levántanse baixo o ceo da terra prometida.

Que alegría! Que felicidade! Que doce momento este, en que, sentindo tan preto de nós o rumor i as frescuras das auguas ben amadas, dentro do recinto dobremente sagrado da cidade que leva un nome que sóio ten significado na léngua dos nosos proxenitores, levantámonos no medio dos nosos, e lles falamos naquela fala que, anque cási que morta, torna á vida de outros tempos e pormete durar por sigros na vida dun povo que a pon sobre o altar diante do que se queiman e arrescenden os perfumes sagrados! Que meigo día o de hoxe en que, inda non mortos os fogos acesos en vals e montes en honor do que anunciou a boa nova, e arredor dos cuaes beilaron a súa danza mística os nosos aldeáns –inda non apagados todos os ecos, e feitos xa os milagres da Noite de San Xoán–, olvidan o pasado e sóio se pensa no porvir, tan cheo de espranzas que comezan a froitificare! Non víchedes no momento en que morrendo a lus das estrelas e os derradeiros resprandores dos lumes, e os ecos das cántigas que dun ó outro lado de Galicia resoan ó lonxe tristes e agudos como os de antigo címbalo; non víchedes –volvo a decire– como Venus tembra e palidece ante as cores da aurora, sin que antre a noite que se acaba e o día que amañece haxa o máis pequeno espazo? Pois ben, sin querelo, ese é o noso símbolo. Inda non saímos das trebas da noite, cando xa chega a nós a lus do novo día. Somos de onte, e xa estamos no hoxe. Vede qué milagre! Ca festa deste día pónselle o selo á victoria alcanzada!

Pro antes que fale dela, deixade, meus señores, deixade que saúde á vella cibdade en que ten lugar por primeira vez, a que, de hoxe en diante, será a festa da nosa nacionalidade; e que, ó mesmo tempo, a cantos están aquí presentes, lles diga: – Tende ánimo e confiade nas vosas forzas, que n´é mester máis pra saír ca nosa.

É de boa fada facer estas ofertas no día, pra os nosos tan cheo de pormesas benditas; é boa facelas ó pe das ondas sagradas que nos mandan os seus romores e as súas frescuras, no medio destes campos cheos de rosas, baixo estes ceos sereos e azúes, onde frorece o laranxeiro e o castiñeiro tende as súas ponlas cheas de ourisos, o vento xeme no piñeiral, e onse as olas que reventan nas penas de beiramar, e baixa o noso río xemendo, e pasan as nubens, e xuntos vanse os ventos do mar e da terra. Sobre da aira da antiga acrópolis, no medio da colina dúas veces sagrada onde os nosos pais oraron e combatiron pola pátreia, é bo gritar: orade e combatide, pois é chegada a hora!

Chegou en verdade; dabondo o sabedes, como tamén que pasado o tempo dos queixumes, n´hai outro remedio –se nós somos homes e queremos ser povo– que lembrarnos do que os alleos nos magoaron cos seus ditos e cos seus feitos. Tempo é xa de que este Lázaro saia da sepultura en que o puxenon, e volva ó que foi seu. Pouco fai falla pra elo, pois todo está feito. O capítulo das queixas medio esquecido, pro vivo e inmarcesible o dos dereitos que nos cómpren. Os povos poñen decote unhas e outras no libro da súa historia: o que temos que facer é abri-lo e ler nel. Nas súas páxinas misteriosas encérrase sempre a leución necesaria. Con sóio gardar o recordo dos pasados desastres, venga infreixible os erros do destino contrario. Nelas aprenderán os nosos fillos canto os vellos fixeno polos seus. Cando menos, verán cómo está alí escrito con letras de sangue e expresado o inmortal desexo que nos animou pra chegar ó que chegamos neste momento, e levar adiante as nosas reivindicacións. Pode decirse que nese consentimento do tempo, e no costante esforzo dos nosos pra facelas efectivas, está a súa lexitimidade. Delas temos a forza, delas vennos o dereito con que tratamos de ser o que fomos, e sobre todo conservar canto, por unha serie de delorosas continxencias, veu tan a menos antre nós, que é coma si non fose. O primeiro, o noso idioma.

O noso idioma! O que falaron nosos pais e vamos esquecendo, o que falan os aldeáns e nos achamos a ponto de n´entendelo; aquel en que cantaron reis e trovadores; o que, fillo maor da pátreia gallega, nola conservou e conserva coma un don da providencia; o que aínda ten nos nosos labres as dozuras eternas e acentos que van ó corazón; o que agora oides coma si fose un himno relixioso; o hermoso, o nobre idioma que do outro lado dese río é léngua oficial que serve a máis de vinte millóns de homes e ten unha literatura representada polos nomes gloriosos de Camoens e Vieira, de Garret e de Herculano; o gallego, en fin, que é o que nos dá

dereito á enteira posesión da terra en que fomos nados, que nos di que, pois somos un povo distinto, debemos selo; que nos pormete o porvir que procuramos, e nos dá a certeza de que ha de ser fecundo en bens pra nós todos. Nel, coma en vaso sagrado en que se axuntan todos os perfumes, áchanse os principaes elementos da nosa nacionalidade, de novo negada, e, aínda máis, escarnecida. Doulle o celta a súa dozura e a maor parte do seu vocabulario; o romano afirmouno; ten do suevo as inflexións; do noso corazón, o acento afalagador; e os brandos sonos, e os sentimentos das razas célticas. Un tanto femeninos, é certo, pro que se tempran no valor heroico dos seus fillos. Léngua distinta –di o aforismo político– acusa distinta nacionalidade. Digámolo nós tamén, se nos cumpre, con maior firmeza aínda, e poñamos de nós o que faga falla, pra que sea pra sempre esta léngua en consonancia co noso espírito, e feita coma ningunha outra pra a expresión dunha literatura tan oposta ó xenio da de Castilla como é esta que nós temos.

Éio tanto, meus señores, que naqueles tempos en que a hexemonía castelán imperaba sobre as diversas nacións do Estado Español, a poesía gallega, tan poderosa e extensiva nos sigros XIII e XIV, enmudeceu de todo. Non se oía outro acento que o da musa chabacana: única mostra de espírito literario permitido ós povos escravos. Escravos éramos, endemal, e da peor casta; pois nin siquera sabíamos que levábamos ó pe as cadeas. Enxordécianos a grandeza militar do Estado polo que combatíamos arreo; non acertabamos a ver –e é un rasgo propio dos povos dominados– nin a sospeitalo. Asomellábamos ós ilotas, esto é, pelexábamos e vencíamos tan só pra que os amos se chamasen vencedores, e coma taes se enchesen co noso. Cadeiras de Universidades, cadeiras de obispados e mosteiros cumpríanlles a eles; nós non tiñamos nada que ver co esas cousas dos señores, nin servíamos pra máis que dar e manter soldados e mariñeiros. En todo o sigro XVI e XVII non tivemos máis que un poeta, siquera fose tan noso que nos seus versos óiense inda os xemidos da pátreas, e síntense as súas inmortaes tristezas. É máis, dálle dereito ó noso amor o haber tomado por seu un asunto nacional, e, anque en léngua estranxeira, como el mesmo di, obedecendo ós sentimentos dos seus. Aquela Inés de Castro *cuello de garza*, tan filla de Galicia que hastra tivo as súas inmortaes desventuras –a que nacéu a dous pasos de aquí, e vén da sangre dúas veces sagrada por ser do país e ser da dos primeiros–, deulle o argumento da *Nise lastimosa*, traxedia cuios coros teñen a serenidade e hastra a fatalidade das traxedias gregas. O que conoza a historia da nosa literatura, entenderá ben pronto o por que escolleu un asunto que toca, coma quen di, o corazón da nosa terra. Pois si uns din que por ser el dos Castro, i outros que por habela tomado de autor portugués, nós debemos decir que por ser cousa da súa sangue e da súa pátreas; e tamén porque aquela formosa roiba encheu coas súas bágoas e catástrofe, o mesmo a historia que as

tradicións gallegas, constituíndo un asunto de todo lexendario e patriótico. Non parez sinón que a ialma de Galicia había recibido o golpe que fireu de morte aquela súa filla: das poucas que, pola súa formosura, merecía xa ser muller e nai de reis. Tanto é así, tanto commoveu seu tempo, que o deloroso episodio perpetuouse nos nosos recordos, e quizais, quizais na literatura popular. Non se esqueceu del a musa culta. O mesmo Xoán Rodrigues de Padrón, no seu *Siervo libre de amor*, cóntao despois de pasados máis de cen anos. Por certo, que sendo pra nós o episodio de Inés de Castro nos *Lusiadas* un dos cuadros máis fermosos e patéticos que un poeta pode concebir (tanto que o poño ó lado daquel en que o divino Dante cantou os amores de Lanciotto e da súa doce amiga), achámolo xa no *Siervo* disposto, sentido, expresado, anque brevemente, por tan nobre modo, que as inmortaes estrofas de Camoens parecen un eco daquela narrazón, e tomar delas as cores necesarias pra ferir as cordas do corazón humano. Sabedes por que foi esto? N' é, de fixo, que o gran poeta lusitano tivese lido as páxinas do noso trovador, sinón outra cousa superioire: a voz da sangre e o rincón onde un foi nado. Obedecendo Camoens e Rodrigues de Padrón ós sentimentos innatos no seu povo e na ialma que Dios lles dera, non puderon escapar á fatalidade da expresión. Ademais, ¿quen sabe se con un esprito que hoxe non entendemos do todo, respondendo ás tradicións que levaban a don Fernando de Traba a combater pola liberdade de Portugal; a don Paio Correa, ben preto de aquí nado, a conquistar os Algarves; a Xoán de Andeiro, ó conde de Camiña i ós nobres de Galicia, que ó deixar a terra íbanse a Portugal; quen sabe si ambos a dous poetas, fieis a esa tradición e sentimento, entendían que aquela encantadora muller poido ben ser lazo de unión antre os dous povos, e que a súa morte partira pra sempre o que tal ves fora mellor que non se separase; o que aparés xunto nos cancioneros galecio-portugueses da Vaticana; o que a ialma popular levou dun ó outro confín, sin que poida decirse pola fala, nin polos sentimentos, nin mesmo pola historia, en que logares había frorecido o trovador, si baixo os da vella Galicia, si no novo Portugal?

É este último rasgo ben importante, e que merece maior recordo, pois a alma do noso povo late forte, e pura, e sincera na composición popular mellor que en ningunha outra. Pois ben: vede os romances portugueses e notaredes que son como os nosos. Somellan dúas gotas de orballo que tembran nunha mesma rosa. Veñen dunhas mesmas fontes nacionaes, e son tan iguaes na fala coma nos sentimentos que expresan. Ás veces hastra se compretan. Os restos do romance *No figueiral, figueiredo*, restos á súa vez da epopeia máis por compreto gallega –e que coñecemos porque a erudición portuguesa nola conservou por simpre curiosidade literaria–, teñen na nosa tradición oral, coma quen di, a súa consagración, pois gardóunos outro fragmento, quizais o máis importante e máis tradicional, e máis

conforme co xenio deste povo; porque nos apresenta a muller –coma nos poemas xermánicos– combatindo polos seus, e por ela tamén.

¡Ai, qué doncela valente
ten ó seu servicio o rei!,

di o romance, conforme ca historia, anque sea esquirta por estranxeiros que por boca do francés Froissart asentan *Car sachez* etc., o que posto en romance equival a: “Porque habedes de saber que as mulleres en Galicia son fortes e de gran valor, tan grande, ou cásiqe tanto, como os homes”.

Vede, polo mesmo, meus señores, si podemos decir con verdade que nunca, nunca, nunca, pagaremos ós nosos irmáns de Portugal o que nos haxan conservado estes e outros recordos, e sobre todo que haxan feito do noso gallego, un idioma nacional. Máis afertunado que o provenzal, encerrado na súa comarca propia, non morrerá. No outro lado do océano, onde algúns comprácense –ó torto, ó meu entender– en pór a cuna das nacións do porvir, oírásese sempre a léngua que falamos, que vamos esquencendo e que de novo tenderá a vida que merez, se é que temos concencia dos deberes que por propia vontade nos impuxemos. Na Asia, na África, na mesma Oceanía falarase ó lado das que coñece o mundo europeo e dominador. Dios, que nos castigou tanto, deunos esta gloria.

Ca lingua temos así mesmo unha literatura e sobre todo unha poesía particular. Hai quen di que n’ é certo. Por que, eles o saberán; pois en canto a nós, fartos estamos de saber o contrario. A nosa poesía ten por musa o sentimento, mentras que a da España central e meridional, sóio a imaxinación. Vede qué diferenza tan esencial. En todo sucede o mesmo. A nosa poesía ten a nota humana, a nota moderna, e tena de antes de agora. Non morre polas *Filis* e as *Amarilis*, nin se encanta ca estranxeira palma, de tan probes ornatos que sóio poden ser admirados polos que non coñecen outra que resista as durezas do sol e da terra en que aquela se cría. Ama o home aquilo que o rodea dende a infancia; sóio por eso pode o árabe acharse contento da súa palma, como o habitante do polo do seu liquen. Mais n’ é posibre negalo. Esta terra, aínda xunta por verdadeiro milagre xeolóxico á das islas británicas, ten, como xa fixeron notar os sabios, unha flora e unha fauna europea. E posto que dades, como é xusto, tanta importancia ó feito da raza e do medio ambiente, confesade que si o home vive na terra que lle cómpre, se a raza ariana que aquí fixo asento *segueu* ó país, o home destas terras é por enteiro europeo.

Éio en verdade, pola xente de quen vén, polas irrupcións que sofreu: éio en todos os ordens, pro sobre todo no intelectual. Brilan aquí os fillos desta terra nos

traballos do pensamento. Non son como os que visten con fermosos roupaxes os conceptos alleos. Ó revés, aquí traballa o home a súa mel no propio cortizo. Poderán os demais vencelos no brillo, pro non na profundidade da doutrina. I é cousa de notare que ó modo do filósofo que saca de si todo o seu, así o noso poeta é o que ten en si e leva como unha fatalidade a súa ialma. É poeta subxetivo, palabra que parés tan feita tan sóio pra designar con outra contraria ós poetas que nada teñen de seu máis que a expresión do exterior. Porque a verdade é que o poeta subxetivo é tal en canto fala do que ten en si mesmo, e é obxectivo en canto pode decir co latino que nada do que toca ó home lle é alleo. Así, meus señores, ós esquireiros portugueses modernos non lles costou nada ser do seu tempo, mentras que os de Castilla e Andalucía, tomando o exterior por causa pirmeira, describen pro non sinten, pintan pro non penetran no íntimo; en fin, toman por realidades as sombras que os envolven. Os nosos poetas modernos foron os pirmeiros que sintiron e expresaron a nota humana. Hoxe mesmo están seguindo o camiño que lles amostrou aquela santa muller que foi nai dos meus fillos, e de quen está tan cheo este meu corazón.

Non dudedes desta verdade por máis que vos digan. ¿Qué non nos negaron e negan os mesmos que toman as nosas xustísimas queixas por agravios ou por nonadas? Neste mesmo instante chegan hastra nós as máxicas palabras dun dos máis grandes oradores deste sigro. Pro chegan non pra animarnos e si para maldisoarnos. El, que sempre tivo palabras de consolo pra os humildes e pra os perseguidos! Fíxoo, sin duda algunha, porque é daquelas terras en que de antigo a lei do Korán, máis que palabra divina, é unha espada. Cree ou morre, se lles dixo, i eles din o mesmo. A unidade dura, salvaxe, invasora ou a morte. Ben se ve que hastra nesto o home da Bética e da Cartaxinesa é dobremente semita, pola raza e pola lei e modo de concebila. Despoxade ora aquela divina elocuencia do seu manto de ouro da pasión que a enxendra e do acento cadencioso que lle presta, e decíme se as súas palabras non parecen, mellor que esqirtas polo dedo de Dios no ceu das nosas montañas, esculpidas ca punta da cimitarra. Pensá así mesmo que nos parecerá a nosoutros, dobremente xermánicos e libres, a autoritaria sentenza breve, chea de desdéns, ó mesmo tempo sibilítica, e que si por vir do grande home de Estado ten tanta importancia, foi pola contra renunciada sin tomarse o traballo de decirnos pra que. Non difine nin combate, mais trátanos á maneira musulmán co seu desprezo, mentras non lle chegue o tempo de ferirnos de morte ca súa espada.

Pro vede que gran contradición! Amando a liberdade, enténdea de modo que pra el a unidade do Estado é Dios inmortal. Chegarse ó altar en que esa divinidad ten asento e el sirve como sumo sacerdote, equival á maior profanación. Estende as mans e condena. Ca mesma indefrensa que nós falamos do seu Almansor, fillo

da tribu, e que tivo por suprema felicidade a iaugua da cisterna, así el duns reis Garcías que di espectros da Idade Media; e eso que, cando menos, eran de sangue superior e combatían por Cristo. Ah!, non parés sinón que el e os seus botan de menos a compañía daqueles homes e súas ficticias civilizacións, e que non saben perdoarnos que os redimísemos do seu cautiverio, e lles déramos unha lei e unha pobazón europea.

Verdadeiramente, téntannos a que lles repriquemos: –Lede a historia; ela vos dirá o que fumos e o que semos, e que non hai en todo elo as *simples coincidencias dialectales* de que se nos fala, senón *realidades etnoxénicas* que n´é posibre desconocer e menos negar. Cando vos vemos, homes do mediodía, cando vemos as vosas mulleres en que a raza semita puxo a súa inmutabre e monótona beleza; cando, sentados na beira do Mediterráneo e á sombra da estranxeira palma, oímos as cancións feitas pra resoar ó largo do deserto; cando entramos na voso casa, vivo trasunto da tenda do pastor bereber, estonces é cando se fai patente pra nós o perpetuo conflito en que, en todos os ordens, vivimos convosco. Na relixión, na arte, na lei –a lei nosa por que sodes libres– somos alleos os uns ós outros. Que máis? Na mesma familia, que é donde persisten con máis forza os rasgos fundamentaes de cada povo, aparecedes tan diversos de nós, como a familia semita o é da ariana.

N´está ben que volo botemos na cara, pro, que facer, se acabades de pernunciar como unha inxuria e como unha ameaza a definitiva sentenza? Do alto do voso Sinaí nos gritades: *lasciate ogni speranza!* Cando Tarif entrou nas cibdades da Bética, dende onde o chamáchedes cas vosas voces, e lle abríchedes as portas cas vosas mans, ben dixéchedes que a lei de Cristo cedería á do Korán; e xa sabemos o que pasou. Nunha soia cousa tendes razón; non, n´é posibre que o Estado pereza, nin que se creben os seculares fundamentos en que descansa. Nós o que fixemos co noso sangue e con sete sigros de combates, non seremos nunca reos de parricidio; nunca pediremos máis que a libertade que nos quitáchedes so pretexto de facernos libres. Finxides crer que tras da palabra autonomía se esconde o feito separatista, mais n´é verdade: sequer non baste decírvolo todos os días, repetirémolo de novo. Non, as distintas entidades nacionaes que hoxe viven aquí baixo un mesmo réximen, non tratan en maneira algunha de sopararse as unhas das outras. Ao contrario, queren unirse inda máis, anque con máis doces lazos do que os durísimos con que tendes atadas as provincias ca capital. Non lles parece que parodiando a Danton, digades nunca que os de Madril son seus lexítimos representantes. Polo demais, ben sabedes que non tratan de se constituír en Estados independentes –anque o foron xa–; percuran tan sóio que os teñan e contén como *Estados nacionaes incompletos*, que vivindo baixo unha mesma man

e bandeira, seguen a súa lei, conservan as súas costumes, falan a súa léngua e non ven acabarse todo o seu baixo o peso da centralización: esa nova praga que veu a substituír no mundo moderno, con nome de liberdade, á liberdade mesma.

Certo que acostumados coma vos achades ás facilidades dun poder que ata e desata según lle praz, temedes non sei que perigos pra a pátreia que decides amar tanto –como si nós non a amásemos! Pro a verdade é outra. Vindo a doutrina rexionalista a introducir no réxime do Estado unha nova organización, tédela por contrárea, sóio porque non vos permite seguir na vosa indolencia e rutina. Decídesvos fillos das novas correntes, e non vos atrevedes a fiarvos delas. Ah! Ben vemos que o que vós temedes non son os perigos de que nos falades, senón o traballo que vos vén: non a diminución do poder do Estado, senón a do voso poder.

Sinto na alma que en momentos como este e en autos feitos tan só pra falar de cousas apacibres, teña que molestarvos con taes refreixiós. Dóime sobre todo polas donas que me escoitan e que queren mellor escoitar outros acentos, ver pasar outras imaxens máis gratas e risoñas, e que –á maneira que neste val fermosísimo, os ventos da mañán murmuran e deixan os seus misteriosos sagredos no seo das rosas abertas– lles dixesen algo do que teñen no seu corazón e nos seus pensamentos de todos os días. Mais que facerlle? Vén do alto a ameaza, e n´era pra deixala pasar. Dende a tribuna que hoxe nos dá o amor que sentides polas cousas da terra, estas miñas palabras teñen máis eficacia. Vaian, pois, a decirlles que n´estamos dispostos a soportalos hastra o día do xuício.

Queden na súa paz, pensen que o seu califato n´ha de ter término. Nós somos outros homes, e vamos directamente ó fin proposto. Non nos han deter as ameazas dos que no nome sagrado da pátreia excomulgan os nosos ideais. Aquí, nesta terra con límites naturaes, con raza, con léngua e historia propia; aquí onde é tan perseverante a fidelidade con que gardamos os recordos do que podemos chamar o noso paraíso, aquí, señores, nin importan nin poñen medo as ásperas palabras dos que se din nosos amos. E que teñan en conta que canto máis sofridos fomos, máis dereito temos a non seguir sufrindo; tanto máis fixemos o que lles praxe, tanto máis dereito temos a facer o que nos praz; que tanto en fin habedes gritado, que xa é hora que a nosa voz pase por enriba da vosa.

Dito esto, calemos xa, e non pensemos sinón no que nos cómpre. Abramos as nosas almas ós novos pensamentos e deixemos chegar o aire que trae as mudanzas certas. Pensemos que n´en balde temos en Galicia os restos daquel celeste guerreiro, enemigo da xente de Mahoma. Homes europeos, homes de Cristo, a victoria está por nós. Os homes do Korán, os semitas que inda erran como sombras polas terras de España, sóio importan porque son un perigo e un estorbo. Xa dixen.

Publicamos este sexto número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Arteixo

Arteixo



A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO